

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA "INTERVENCIÓN CON NENOS E NENAS VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL" NO ANO 2022.**

Lugar e data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, dona Mónica Permuy López, con DNI 32.647.387 Z, directora xeral da Fundación Meniños (NIF G15551120), actuando en calidade de representante da entidade en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante o Notario da Coruña D. Víctor Peón Rama, de data 23 de decembro de 2019, número de protocolo 2469.

As dúas persoas interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



## EXPOÑEN

**Primeiro.** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Segundo.** A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.** A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**Cuarto.** A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1.b) do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de



modificación parcial do Código Civil e da Lei de Xuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro e a Lei 3/2011, do 30 de xuño,, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

**Quinto.** A Fundación Meniños é unha entidade de natureza fundacional inscrita no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal baixo o número 2395ND, exercendo o Ministerio de Cultura e Deporte o Protectorado sobre ela.

Nos estatutos da fundación, consta no seu artigo 5 que o obxecto desta Fundación é a protección da infancia de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e aos principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos a raíz de inxustizas estruturais e persoais.

Así mesmo, a Fundación Meniños como entidade sen ánimo de lucro é unha entidade recoñecida e inscrita co número E1547 no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con menores.

**Sexto.** No ano 2018 a Fundación Meniños, puxo en marcha unha unidade de intervención: "LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa", única en Galicia, dirixida a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, unidade que dende xaneiro de 2019 está en disposición de prestar atención a nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil nas catro provincias.



O abuso sexual infantil é un tipo de malos tratos graves que impacta profunda e globalmente sobre a persoa menor de idade, agredíndoa súa integridade física, no seu desenvolvemento madurativo e nos seus vínculos coas demais persoas. Segundo a Organización Mundial da Saúde, o abuso sexual enténdese como «unha acción na cal se involucra a un menor nunha actividade sexual que el ou ela non comprende completamente, para a que non ten capacidade de libre consentimento ou o seu desenvolvemento evolutivo (biolóxico, psicolóxico e social) non está preparado, ou tamén, que viola as normas ou preceptos sociais».

A campaña do Consello de Europa para a Prevención da violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes suxire que un de cada cinco nenos e nenas en Europa son vítimas dalgún tipo de violencia sexual, e que entre o 70 e o 85% a persoa agresora é alguén próximo e en quen confía.

O abuso impacta sobre todas as áreas de desenvolvemento:

- física (trastornos do sono, da alimentación, perda de control de esfínteres e outros)
- de conduta (abuso de sustancias, trastornos da regulación de conduta e emocional que inclúen hiperactividade, condutas auto lesivas, abuso de sustancias e dificultades importantes de relación coa contorna)
- emocional (auto e heteroagresividade, ansiedade, baixa autoestima)
- sexual (condutas inapropiadas ou de risco) así como dificultades no establecemento e mantemento de relacións sociais.

As consecuencias a longo prazo son máis difíciles de valorar dada a dificultade de descartar o impacto de experiencias que ocasionen unha retraumatización.

**Sétimo.** A Consellería de Política Social e Xuventude pretende fomentar para o presente ano o dito programa. O carácter singular do outorgamento da subvención directa a través deste convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas características, con persoal especialización e atención en todo o territorio. Consonte o anterior estímase xustificada a



imposibilidade de promover a concorrência de ofertas xa que o seu obxecto non se corresponde con ningún dos recollidos na Lei de contratos do sector público (LCSP) e polo tanto xustifícase a formalización dun convenio de colaboración para a súa execución.

**Oitavo.** A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular do programa e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás persoas menores vítimas de abuso sexual, unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, á Fundación Meniños, para o desenvolvemento do Programa "Intervención con persoas menores vítimas de abusos sexuais en Galicia" no ano 2022.

O programa que pon en marcha a Fundación Meniños para o presente ano, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



## **SEGUNDA. PERSOAS DESTINATARIAS DO PROGRAMA**

O programa ten como persoas destinatarias ás seguintes:

- Nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil que mostran desaxustes emocionais e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil. Prevese a atención de aproximadamente 100 casos.
- Familiares non agresores e ás principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas xa que compren un papel imprescindible na recuperación.
- Profesionais que traballan na contorna de nenos e nenas abusados/as.

## **TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO DO PROGRAMA**

Constituirá o obxectivo e contido do programa:

- O desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumatizantes.
- Acompañar ao neno ou nena e ás persoas adultas coidadoras na adquisición de estratexias e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- A elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psico-social do neno ou nena.

As actuacións e intervencións que forman parte do programa describíense de xeito pormenorizado no Anexo II.

## **CUARTA. COMPROMISOS DA FUNDACIÓN MENIÑOS**

A Fundación Meniños para ser beneficiaria da subvención deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que respecta ao desenvolvemento do programa a subvencionar a través deste convenio, e comprométese ademais a:



- a) Destinar a subvención a conceder a través deste convenio á realización das actuacións do programa descritas según o establecido no Anexo II.
- b) Facer constar en toda a publicidade ou presentación pública o seguinte:
  - 1º. A denominación do programa.
  - 2º. O financiamento pola Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- d) Comprometerse a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído a información en páxinas web.
- e) A Fundación Meniños deberá someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do programa.
- f) Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11. c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 14. c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento pola entidade das obrigas



previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

## **QUINTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

Para o desenvolvemento do programa, a Fundación Meniños disporá dun Equipo Responsable (indicado no Anexo II) do que dependerá un equipo formado por técnicos especializados (psicólogos, educadores e/ou traballadores sociais) distribuídos nas catro provincias.

A Fundación Meniños, porá, así mesmo, a disposición do programa o persoal de dirección e de xestión necesario para garantir a calidade e mellora no seu desenvolvemento.

Ademais, poderá colaborar persoal voluntario integrado por profesionais da educación, profesionais técnicos (avogacía, sanidade, etc.) e persoal para tarefas complementarias (transporte e outros).

O equipo que a Fundación Meniños poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude, debendo ser a dita fundación a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos; obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Xuventude, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

## **SEXTA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS**

1. Para a realización de actuacións do programa obxecto da subvención a través do presente convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegara a cantidade de 70.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0 na que existe crédito axeitado e suficiente.



A subvención límitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

a) 19.600,00 € terán carácter de pago anticipado e serán satisfeitos no intre no que se asine o convenio para cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustifícase mediante facturas antes do derradeiro pagamento.

b) 36.400,00 € ata o límite desta cantidade poderanse realizar pagamentos parciais a medida que se xustifique a realización de actividades descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

c) Os 14.000,00 € (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades



realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

- 1º.Xustificación do gasto.
- 2º.Actividades realizadas.
- 3º.Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º.Valoración global.
- 5º.Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que conterá:

- 1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
- 2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago.
- 3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º.
- 4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo<sup>5</sup> ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente



número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

c) En canto aos custos salariais, a Fundación Meniños deberá presentar, referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- 1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- 2º. Recibos de salarios
- 3º. Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
- 4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal, cando este dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, axuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.



- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa Fundación Meniños, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- 1º. NIF da entidade.
- 2º. DNI ou NIE da persoa representante.
- 3º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- 4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- 5º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Fundación Meniños a presentación dos documentos correspondentes.

4. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, e deberá presentarse na Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite o 23 de decembro de 2022.

A Fundación Meniños, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.



Por outra banda, a Fundación Meniños remitirá á dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, no prazo límite ata o 29 de xaneiro de 2023, una memoria final de actuación do exercicio 2022, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluirá: o número de persoas atendidas (persoas menores e familias atendidas, desglosadas segundo os criterios establecidos), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

### **SÉTIMA. COMPATIBILIDADE**

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

### **OITAVA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.





Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Concellería de Política Social e Xuventude- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

No marco da concesión da subvención os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da Base de Datos nacional de subvenciones (en adiante BDNS), a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da promoción de transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Fundación Meniños tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. A Fundación Meniños será cesionaria da información que lle subministre a Consellería e será responsable do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña



acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

## **NOVENA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación Meniños designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **DÉCIMA. VIXENCIA.**

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante abranguerá os gastos das accións do programa a subvencionar a través deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2022.



## **DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **DÉCIMO SEGUNDA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio:



- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

### **DÉCIMO TERCEIRA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

